

4-5 Entrevistas - O alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández, e o de Cariño, Miguel Alonso Pumar

12 Cabanas - O concello saca a licitación obras cun investimento conxunto de medio millón de euros

17 Sociedade - Veciños de Cerdido e Fene protestan contra o peche dos bancos nas vilas

enfoques.gal



Patrimonio

Novos achados no castro de Sarridal

Esta nova campaña desvelou que o castro estivo habitado ata o século IV.

Páx. 19

Economía

A Deputación inxecta medio millón para 115 proxectos empresariais

Páx. 14

Economía

As Pontes aproba un orzamento de 15,3 millóns para o ano 2021

A concelleira de Facenda, Maite Méndez, destaca que “ao igual que o orzamento do 2020, é unha proposta económica deseñada por e para a veciñanza, na que se van desenvolver diferentes accións coas que se busca mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas das Pontes e permítenos manter saneada a economía municipal, cumprindo con todas as normas de estabilidade orzamentaria”.

Páx. 2

Sociedade

Valdoviño foi o concello con maior saldo migratorio das comarcas no 2020

Páx. 16

Investimentos



Cedeira xa executa catro proxectos dos orzamentos por 550.000 euros

Páx. 21

CONCELLOS 3 e 11

Novos pasos de Pontedeume para impulsar a reciclaxe

Servizos - O Concello de Pontedeume continuou durante o verán co seu plan para ampliar a rede de colectores en todo o municipio, impulsando a reciclaxe e mellorando os servizos no casco urbano e as parroquias.



Novos colectores en Pontedeume.

Misa simbólica en Monfero en contra dos novos parques eólicos

Protesta - Preto dun centenar de veciños de Monfero participaron nunha romaría reivindicativa polo día de San Lorenzo, patrón do vento, ao que lle pediron coas súas oracións “frear a invasión” de parques eólicos na comarca.

Facenda

Máis de 15 millóns de euros para As Pontes no orzamento deste ano

“MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DA VECIÑANZA” Á VEZ QUE “SE MANTÉN SANEADA A ECONOMÍA MUNICIPAL” SON OS DOUS GRANDES OBXECTIVOS DO GOBERNO DE VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO CON ESTAS CONTAS

O Pleno do Concello das Pontes vén de aprobar o orzamento para este ano, cos votos a favor do PSOE e a abstención do BNG, do PP e de Xuntas polas Pontes En Común. As contas deseñadas polo goberno local superarán os 15 millóns de euros para este exercicio.

Ademais, a propósito deste Pleno, aprobáronse tamén o cadro de persoal, as bases de execución do propio orzamento, o plan económico financeiro, o estado de previsión de movementos, a situación de débeda e a liquidación do orzamento de 2020.

A concelleira de Facenda, Maite Méndez, fixo fincapé en que “ao igual que o orzamento do 2020, é unha proposta económica deseñada por e para a veciñanza na que se van desenvolver diferentes accións coas que se busca mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas das Pontes e permítenos manter saneada a economía municipal, cumprindo coas normas de estabilidade orzamentaria, períodos medios de pagamento e a normativa económica vixente”.



As contas saen adiante cos votos a favor do PSOE e a abstención do resto de grupos municipais.

O benestar social como obxectivo

Así, a concelleira de Facenda Méndez incidiu en que se trata dun orzamento deseñado desde a prudencia e que “ten como obxectivo prioritario garantir o benestar social e o acceso a servizos, de calidade, de toda a veciñanza a través de diversas accións promovidas desde as diferentes concelleirías”.

A concelleira destacou que o 46% do orzamento, máis de 7 millóns de euros, destinarase a gastos de bens correntes e servizos, incluíndo servizos públi-

cos básicos tales como seguridade e mobilidade cidadá, venda, urbanismo, medio ambiente ou a recollida de residuos urbanos sólidos.

A isto súmanse 1’7 millóns en materia de protección e promoción social, ademais de 1’4 millóns de euros destinados a sanidade, educación, cultura, deporte e tempo de lecer.

A estas partidas engádense 787.000 euros para actuacións en transporte e infraestruturas e 1’7 millóns destinados a subvencionar as asociacións e actividades de interese.

Cinco áreas de gasto para “os obxectivos que persegue o goberno local”

O orzamento aprobado pola corporación municipal divídese en cinco grandes áreas de gasto, que establece os obxectivos e finalidades que persegue o grupo de goberno para o ano 2021.

Así, 3,9 millóns de euros irán destinados aos servizos públicos básicos, de obrigada prestación por parte do Concello e dentro dos que se engloban servizos como a seguridade e a mobilidade cidadá, a luz, o servizo de abastecemento e saneamento,

o servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos ou o mantemento de parques, zonas verdes e o lago, entre outros.

As actuacións en materia de protección social e promoción social, dentro das que se inclúen as pensións do persoal do Concello, a atención a grupos con necesidades especiais así como medidas de fomento do emprego, terán un orzamento 2,7 millóns de euros.

Todos aqueles gastos que realiza en Concello das Pontes en materia de sanidade, educación, cultura, deporte, lecer e tempo libre, e en xeral todas aquelas actividades e actuacións destinadas a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas englobanse dentro da área de gasto de produción de bens públicos de carácter preferente e ten unha dotación orzamentaria que rolda os 3,7 millóns de euros.

Curso de Marketing

Formación nun sector punteiro para 250 mozos desempregados

■ O Concello das Pontes, xunto á fundación Paideia, a Deputación da Coruña e o Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, organiza un curso de marketing dixital, empleabilidade e cooperativismo para mozos menores de 30 anos e en situación de desemprego. O curso ofrece un total de 250 horas de formación, e servirá para dar “unha oportunidade a aqueles que teñan unha idea nun sector tan puxante como o marketing dixital”, destacaba o alcalde, Valentín González Formoso.

Por outra banda, todas aquelas actuacións económicas, dirixidas a potenciar os distintos sectores de actividade así como os gastos en infraestruturas básicas e de transporte, infraestruturas agrarias, comunicacións, investigación ou desenvolvemento e innovación terán unha consignación no orzamento que rolda os 1,5 millóns de euros.

Finalmente, a todas as actuacións de carácter xeral que afectan ao funcionamento diario do Concello irán destinados 3,4 millóns de euros. Maite Méndez subliñou que no capítulo dos investimentos que están previstos realizar durante

este exercicio polo Concello das Pontes, algo máis de 700.000, permitirán acometer diversas obras tanto no ámbito rural como no casco urbano.

Previsión de ingresos

Dende o Concello das Pontes precisan que orzamento “prevé uns ingresos de 15.273.091,99 euros procedentes de impostos directos e indirectos así como da cobranza de taxas e outros impostos”.

A estas previsións de ingresos municipais súmanse as transferencias correntes realizadas por outras administracións así como os ingresos patrimoniais que reciba o concello.

Infraestruturas



Novos colectores en Pontedeume.

Pontedeume amplía a rede municipal de colectores para apoiar a reciclaxe

O CONCELLO INSTALOU NAS PARROQUIAS E NO CASCO URBANO COLECTORES PARA TODO TIPO DE RESIDUOS, COMO ACEITE, CARTÓN E PLÁSTICO

O Concello de Pontedeume continuou durante o verán co seu plan para ampliar a rede de colectores en todo o municipio, impulsando a reciclaxe e mellorando os servizos. O concello instalou nesta fase colectores para todo tipo de residuos.

En concreto, instalouse un colector para aceite na av. de Ferrol á altura de Pelamios e

colocaranse outros dous na entrada á rúa Porto á altura de Boavista e en Parga, Boebre. Polo que respecta aos destinados a cartón, renováronse algúns e se instalaron outros na av. Ricardo Sánchez, Nogueirosa e Centroña.

Ademais, o concello instalou novos colectores amarelos e verdes por todo o concello, co-

locando bases e soportes para os mesmos en Ar (Campolongo) e outras zonas do rural.

“A factura da xestión de residuos con Sogama nos custa aos eumeses máis de 200.000 euros anuais, pero grazas ás medidas postas en práctica desde 2015, como o incremento de colectores de papel-cartón e amarelos de envases lixeiros, así como as

campañas de concienciación, conseguimos reducir a factura nuns 30.000 euros anuais”, asegura o alcalde, Bernardo Fernández. “Quero agradecer a colaboración dos nosos veciños; grazas a eles, Pontedeume é xa según Ecoembes un dos concellos de Galicia que mellor reciclan e queremos reforzar esta aposta”, rematou.

Conciliación

Servizo de madrugadores para os nenos e nenas eumesas

O Concello de Pontedeume pon en marcha de novo este curso escolar o servizo “Madrugadoras/Madrugadores”. O programa é unha das medidas de conciliación que o Concello de Pontedeume pon ao servizo das familias eumesas do alumnado dos centros escolares públicos de infantil e primaria C.E.I.P.

Couceiro Freijomil e C.E.I.P. de Andrade, respondendo así aos seguintes obxectivos xerais:

Facilitar ás familias das nenas e nenos de ambos centros escolares a posibilidade de conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral, no horario previo ao comezo da súa xornada laboral.

Proporcionar o almorzo ao alumnado, tendo en conta as súas necesidades alimentarias e favorecendo a consolidación de normas, hábitos saudábeis e de hixiene.

O programa Madrugadores é a resposta á necesidade de conciliar a vida persoal, familiar e laboral dos eumeses.



Servizo de madrugadores.

Entrevista

NA SÚA SEGUNDA LEXISLATURA COMO ALCALDE DE PONTEDEUME, O EUMÉS BERNARDO FERNÁNDEZ ASUME QUE A SAÍDA DA CRISE TEN QUE VIR DA MÁN DAS ADMINISTRACIÓNS. O REXEDOR SOCIALISTA ALBISCA UN FUTURO PRÓSPERO PARA UNHAS BISBARRAS QUE ESTÁN CHEAS DE POTENCIAL E DE OPORTUNIDADES DE FUTURO

“Non podemos deixar pasar o tren dos fondos de recuperación da UE”

O alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández, é ademais un dos homes fortes do PSdeG na provincia da Coruña. Nesta segunda lexislatura á fronte do seu concello natal, afronta a saída da crise sociosanitaria do covid coa certo optimismo, pero non agocha as responsabilidades que teñen as administracións públicas no proceso de volta á normalidade.

Cre o rexedor eumés que os fondos de recuperación Next Generation son o pulo que precisan as bisbarras para acabar de explotar o seu potencial industrial e turístico.

Defina con catro adxectivos os dous primeiros anos desta lexislatura á fronte do Concello de Pontedeume.

Una lexislatura excepcional, complexa, social e comprometida.

Cal é a principal acción de goberno que a pandemia do COVID impediulle levar a cabo?

Máis que un, foron varios os proxectos e medidas que tivemos que aparcar temporalmente a causa da pandemia.

A cantidade de recursos, tempo e esforzo que tivemos que adicar ao longo deste ano e medio a combater e xestionar a nova realidade que o virus nos impuxo foron, e están a ser, inmensos.

En todo caso, a medida que a situación vai mellorando estamos a centrar de novo a nosa acción de goberno neses obxectivos.

En que medida condicionou a pandemia a confección dos orzamentos?

Condicionou moito. Hai que ter en conta a cantidade de recursos económicos que tivemos que adicar a esta tarefa.

Dende a compra de material de protección, ata a desinfección de espazos públicos ou dos centros educativos, que triplicou o seu custo, sen que dende a Xunta de Galicia se nos transferise nin un céntimo para afrontar estes gastos; pasando polas liñas de axudas aos sectores afectados, ou a redución de ingresos como consecuencia da decisión de non cobrar pola instalación de terrazas durante o

2020 e 2021, ou do Feirón durante este ano; entre outros.

Polo tanto, os Concellos en xeral tivemos que afrontar estes dous anos gastos excepcionais con menos recursos, e con máis necesidades que antes da pandemia.

É necesario un cambio no modelo de financiamento dos municipios?

É un feito que os Concellos non podemos seguir adicando fondos municipais a financiar servizos que son da competencia doutras administracións. Falaba na anterior pregunta da desinfección dos centros educativos, que penso que é un exemplo que describe á perfección esta problemática.

Os concellos temos a obriga de manter e conservar os centros educativos de primaria, que son titularidade no seu 99% da Xunta de Galicia, nun ámbito como o educativo, no que non temos competencias. É dicir, que asumimos os custos de manter, conservar, limpar, e agora desinfectar, uns edificios que son propiedade e xestiona outra administración.

Poderíamos falar tamén do servizo de atención á dependencia, outra competencia da Xunta que tamén estamos a co-financiar, soportando en solitario dende a facenda municipal os incrementos dos custos que este servizo veu experimentando ao longo dos últimos anos, multiplicando a aportación do Concello por tres, pasando dun prezo medio por hora que rondaba os 12 euros ata os 18 ou 21 no que se atopa na actualidade.

A pesar de todo o vivido, o goberno local tivo que seguir traballando e lexislando noutros aspectos alleos á pandemia.

Citaría máis de un. A aprobación por parte da Deputación o pasado venres 10 do proxecto das beirarrúas de Centroña cun investimento de 1,1 millóns de euros e o inicio da redacción do proxecto da estrada DP-6902 ao seu paso por Nogueirosa e Ombre; o proxecto para a renovación do saneamento e instalación dun bombeo en Ver, cun orzamento de 900.000 euros, ou a culminación, a pesares de todos os problemas de subministro xerados pola pandemia,



O alcalde socialista Bernardo Fernández cumpre o seu segundo mandato á fronte do Concello eumés.

da nova Escola Infantil, entre outros.

Fálase moito das oportunidades que poden xurdir por mor desta crise, cales cre que serán as que poderá aproveitar Pontedeume?

Dende logo, as axudas dos fondos europeos que a UE puxo a disposición do Estado para afrontar a crise xerada pola COVID serán unha oportunidade de mellora e crecemento para os municipios, tanto dende o punto de vista de mellora das infraestruturas, coma de oportunidade para a xeración de emprego dende o sector privado. Pero tamén o turismo interior.

Debemos ter en conta que como consecuencia da pandemia moitos cidadáns decidiron non viaxar fora das nosas fronteiras, o que supuxo un incremento considerable do número de turistas que recibimos, e nunha vila que ten un sector servizos con tanto peso na súa economía, ese escenario é positivo. Agora hai que aproveitar ese cambio nas dinámicas dos viaxeiros, para fortalecer e promover aínda máis o turismo interior.

Unha vez retomada parcialmente a normalidade política e social, que obxectivos márcase para 2022?

Son moitos e variados. Por ci-

tar algúns, concluír as xestións que iniciamos meses atrás para a posta en funcionamento de novas zonas de estacionamento entre finais de este ano e ao longo do 2022, tanto no casco, coma nas inmediacións dos cemiterios das parroquias. Finalizar a tramitación do PE-PRI, seguir a senda iniciada hai seis anos de mellora das infraestruturas no rural e no casco, licitando e executando os proxectos xa aprobados e culminando as xestións xa iniciadas ao longo destes meses para outros novos.

E por suposto seguir a reforzar os servizos sociais como primeira liña de axuda ás familias con dificultades, ou manter o esforzo na promoción turística da nosa vila, sobre todo a vinculada ao Camiño Inglés, que tan bos froitos estivo a dar ao longo dos últimos seis anos, e que se viu ralentizada a consecuencia da pandemia.

Mira ao futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal con optimismo?

Sen dúbida. Un servidor público non se pode permitir o luxo de xestionar dende o pesimismo, e máis nunhas bisbarras que contan con tantas potencialidades, por moi difícil que sexa a situación actual. As administracións son a locomotora que tira dos vagóns da socieda-

de, e cando un territorio conta con tanto potencial, non cabe lugar para a desesperanza, custe o que custe. Non estou a dicir que sexa fácil, pero dende logo non é imposible. Creo que o tempo que está por vir está cheo de oportunidades.

Antes falaba dos fondos europeos do “Next Generation EU”, como unha oportunidade de mellora e crecemento que non podemos deixar pasar. Son 140.000 millóns de euros que teñen que xogar, si ou si, un papel fundamental na recuperación económica e a xeración de emprego das nosas bisbarras.

Que mensaxe lle mandaría a eses veciños e veciñas que están sumidos na resignación?

Unha mensaxe de esperanza. Son tempos difíciles os que estamos a vivir, e máis nunha zona que leva sumida nunha crise industrial tantos anos, pero se algo aprendimos do pasado, foi que nada imos conseguir sen esforzo e sacrificio, e sobre todo sen unidade.

Loitar unidos dende todos os sectores, administracións públicas, empresas, sindicatos e sociedade civil será fundamental neste novo escenario que se abre cos fondos de recuperación. Non podemos deixar pasar este tren.

Entrevista

Cariño é un dos moitos concellos das tres comarcas que intenta buscar o seu lugar no novo paradigma turístico sobrevido a raíz da pandemia do coronavirus.

Lugar tradicional de veraneo para moitos veciños de Ferrolterra e de fora de Galicia, quere converterse nun destino do chamado turismo “slow”, con máis valor engadido, aproveitando os seus recursos paisaxísticos, patrimoniais e mesmos gastronómicos.

Defina con catro adxectivos os dous primeiros anos desta lexislatura á fronte do Concello de Cariño

Difíciles, responsables, solidarios e fortalecedores.

Cal é a principal acción de goberno que a pandemia do COVID impediulle levar a cabo?

Foron moitas as que se viron afectadas polo cambio de prioridades como pola diminución de recursos, a pandemia marcou dun xeito importante a acción de goberno durante os primeiros dous anos de lexislatura.

Por exemplo, no Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Vello de Cariño (PEPRI) non se puideron facer as imprescindibles reunións cos veciños, tamén se retardou o IDAE, que aínda se adxudicou hai pouco e tamén todo o que ten que ver coas actividades con asociacións como poden ser accións de fomento do deporte.

En que medida condicionou a pandemia a confección dos orzamentos?

En todo. Houbo que deixar un orzamento aberto para poder traballar dun xeito dinámico xa que aparecían necesidades imprevisibles ás que había que facerlle fronte. Isto facía que non puideses ter uns orzamentos fíreos e, en cambio, había que ter moito vencello e flexibilidade entre partidas e capítulos.

É necesario un cambio no modelo de financiamento dos municipios?

Absolutamente. Eu formo parte da executiva da FEGAMP e é unha teima que perseguimos desde hai tempo. Hai competencias impropias que están sangrando a capacidade económica e de investimento dos concellos. Esta situación acentuouse no Servizo de Axuda no Fogar, levamos moitos anos recibindo a mesma cantidade da Xunta, cando é unha competencia estatal e autonómica na que, a día de hoxe, os concellos somos a administración que máis cartos pon.

É unha labor que queremos facer porque somos quen está máis achegado á cidadanía pero iso non debería lastrar as nosas competencias. Outra das competencias impropias é o mante-

JOSÉ MIGUEL ALONSO PUMAR —CARIÑO, 1976— AFRONTA A SEGUNDA METADE DA SÚA SEGUNDA LEXISTATURA ÁFRONTEDOCONCELLOCONDOUSOBXECTIVOS:BLINDARURBANÍSTICAEPATRIMONIALMENTE O CASO VELLO CO PEPRI E FAVORECER A IMPLANTACIÓN DE NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS NUNHA VILA “QUE GOZA DE MOITAS OPORTUNIDADES”

“O modelo mediterráneo de turismo non ten cabida nun concello como Cariño”



O alcalde socialista José Miguel Alonso Pumar.

mento dos centros de saúde, que no caso de Cariño fomos quen de liberar, ou do persoal e as tarefas de arranxo nos centros educativos públicos, unha cuestión que ten unha consellería dedicada única e exclusivamente a iso.

Outro aspecto que está penalizando aos municipios do litoral son as insufribles taxas que está a cobrar Portos de Galicia por facer un uso do chan, que é veciñal e non ten que ver co porto nin coa actividade portuaria e onde se está a aplicar un imposto inxusto.

A pesar de todo o vivido, o goberno local tivo que seguir traballando e lexislando noutros aspectos alleos á pandemia.

Sí, especialmente en dous proxectos. Un que acaba de ser adxudicado, o IDAE, que vai permitir, seguindo a liña das políticas europeas, unha redución na emisión de CO₂ á atmosfera e un gran aforro de cartos á administración local á vez que se moderniza o sistema de iluminación de todo o municipio.

Por outro lado está o PEPRI, que vai a ser fundamental para Cariño nas próximas dúas décadas. Estamos no terceiro ano dos catro que forman parte do programa e achegándonos xa a

poder sacalo adiante. Este plan cambiará a fisionomía do casco vello, permitirá revalorizar as vivendas e dará emprego mediante axudas á rehabilitación. Polo tanto, é unha oportunidade de traballo para o sector da construción e tamén unha solución para converter o deterioro do casco vello nunha saída de futuro e de revalorización do patrimonio.

Fálase moito das oportunidades que poden xurdir por mor desta crise, cales cre que serán as que poderá aproveitar Cariño?

Témonos que enfocar cara un turismo sostible, vencellado ao medio ambiente. Un modelo mediterráneo de praia non ten tanta cabida nun lugar como Cariño pero hai unha crecente demanda de turismo relacionado co medio.

Nós temos un gran potencial neste sentido, cuns cantís fantásticos e unha paisaxe excepcional, cada vez máis valorada. Ademais, está o proxecto do Xeoparque, que trata de facer fincapé en consolidar ese estilo de desenvolvemento cunha marca internacional que pon a UNESCO polo que vai a ser unha gran oportunidade.

Unha vez retomada parcialmente a normalidade política e so-

cial, que obxectivos márcase para 2022?

Hai varios principais. Primeiro, como dixeran, sacar o PEPRI adiante e modernizar o sistema eléctrico. O máis importante, sen dúbida, será a consolidación e ampliación do Servizo de Axuda no Fogar, que queremos mellorar. Temos que chegar a moitos máis veciños e veciñas, mellorar a atención e xerar emprego. Na lexislatura anterior aumentamos en máis de 13.000 horas o servizo e agora queremos volver a darlle outro pulo de xeito que consigamos dúas cousas: que máis veciños estean atendidos e xerar emprego.

Ademais, temos outros obxectivos de carácter urbanístico como pode ser suprimir a dificultade de acceso ao seu núcleo dos veciños e veciñas de Landoi grazas ás obras de mellora do cruce, o acondicionamento do embarcadiro de Sisundi, finalizar o parque multixeracional de Feás, rematar a urbanización de O Cadro, etc.

Mira ao futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal con optimismo?

Sí. Eu creo que, entre todos, temos que ter unha visión máis elevada que as dos propios límites dos nosos concellos. Hai sectores que poden supoñer unha

oportunidade, a pesar da crise que estamos a atravesar. O forestal, o do turismo... En Cariño temos un porto que tamén pode ser unha oportunidade, polas súas características.

Na comarca temos referentes importantes, que hai que aproveitar e iso é unha tarefa tanto do Estado como da Xunta de Galicia. Hai outras cuestións, que teñen que ver coas enerxías renovables, que tamén temos que afrontar.

Por iso, as administracións temos que ir da man, independentemente das nosas cores políticas. O que si que nos falta, probablemente, é un desenvolvemento viario axeitado. Todo o arco que debería unir Ortegal coa Mariña e Ferrolterra ou o Eume é deficitario en infraestruturas. Chegou o momento de que as administracións se impliquen.

Que mensaxe lle mandaríaa eses veciños e veciñas que están sumidos na resignación?

Que non hai que renderse nunca. Temos que buscar proxectos, non teñen que ser macroproxectos nin temos que agardar a que nos caian do ceo grandes empresas nin plans de centos de postos de traballo.

Isto constrúese desde o máis pequeno, desde o veciño que aluga un local para poñer unha tenda ou outro que aposta por montar unha empresa de transformación de calquera produto. Nós na comarca temos un sector que está a facerse moi visible que é o de produción de mazá e, sen embargo, non temos ningunha fábrica de elaboración de sidra ou de marmeladas. Mentres, saen centos de toneladas de mazás cara Asturias.

Moitas veces falta o valor engadido e isto é un exemplo máis. O sector privado ten que actuar como o fixo nos anos 70-80, cando Cariño estivo nun momento máis forte, xa que quen apostou por investir e por crear novas oportunidades foron eles. Animo a todo o mundo a que busque esa pequena oportunidade porque o nivel de vida nas vilas é moito mellor e menos custoso que nas cidades.

Colaboración

Santiago

PORTOROSA

Supoño que haberá rexións de España nas que se darían situacións semellantes, nas que habería unha única universidade que faría de foco de atracción para todos cantos tiveran a posibilidade de empezar unha carreira. Pero o de Santiago para Galicia, o de ir estudar a Compostela, eu creo que aquí, noutros tempos, acadou una natureza case mítica. Xente de todo o país chegando á vila, á gran aldea suma de todas as aldeas. E xente quedando na casa pensando neles, aforrando por eles, poñendo neles as súas esperanzas de mellorar, e contándolle aos veciños que o fillo fora estudar a Santiago.

E Santiago, Compostela, a vila medieval de pedra, coas rúas molladas, e sotanas, e garabatas e abrigos e paraugas, era a primeira saída das súas vidas, cara a outras. Despois, trencas e barbas, e cada vez máis saías, pero aínda a ventá pola que asomarse ao resto do mundo.

Agora, moito cambiou: as sete vilas galegas teñen universidade ou, polo menos, campus propio, e hai xa moitos rapaces que non teñen que marchar da casa para estudar. Seica é mellor. Será.

Onte fomos levar á miña filla Paula a Santiago, porque empeza na universidade. Menos en Ferrol, a carreira que elixiu títíaa en calquera dos campus, pero ela prefería ir a Santiago, e conseguíuno. Traballou moito, esforzouse, non tivo mala sorte e todo saíu ben: o que quería, onde quería.

Á mañá estaba triste, emocionáballo o seu último almorzo, emocionáballo todo. Xa levaba uns días así. Díxenlle que nada de aquilo era o último e, sobre todo, que aquela seguía sendo á súa casa. Aínda así, ao chegar á residencia de Santiago dicía que non baixaba do coche. Por sorte, tres amigas xa estaban por alí. Subimos as maletas e fomos comer ao centro, ao pe da facultade de Filosofía. E despois marchamos. Xa tiña plan pola tarde. Creo que, en todo o día, non pasou soa máis de media hora.

Cando nos despedimos, na aperta longa que nos demos, sentín moito orgullo por ela: a miña filla, a miña pequena, chegara ata alí, e fixérao moi ben. Pero tamén, e a pesar de saber sen dúbida que vai desfrutar moitísimo estes anos, algo de pena e de medo: quedaba alí a miña filla, a miña pequena, nunha etapa nova na que a autonomía e a independencia terán que ir chegando, e na que, pouco a pouco, irá precisando menos de nós. Mentres, nós seguiremos necesitandoa igual e botándoa de menos.



Colaboración

Autocoidado

MARTA PIÑEIRO ARCA

Estou sentada no exterior dun café, desfrutando do son do mar ao lonxe e da vitamina D que proporciona o potente sol, pero confortada por unha suave brisa que minimiza o impacto sufocante da calor estival. Neste momento, dende a tranquilidade deste espazo, penso en como algo tan pequeno pode dar tanta felicidade.

Penso se xustamente isto, os praceres mundanos máis pequenos son os que nos manteñen en pé. Despois dunha tempada para todas e todos chea de medos e incertezas quizás precisamos buscar un fogar cheo de tranquilidade.

E cando falo de fogar, non me refiro ás catro paredes dunha casa; senón a moito máis.

Para algúns pode ser unha persoa, a súa persoa fogar, aquela coa que unha mirada, un sorriso ou unha palabra son un verdadeiro éxtase.

Pode ser un lugar, un recuncho de terra que nos recorde a infancia, a adolescencia, os anos na Universidade, un espazo onde nalgún momento fomos tan felices que quedou gravado para sempre na nosa memoria.

Pode ser un cheiro, o dese comida que recordamos por sela nosa favorita, o dese perfume que nos indica a presenza de alguén a quen quixemos con loucura, ou o que ulía na natureza mentres realizabamos a nosa maior trasnada.

Todo isto conforma o noso lar, o noso paraíso particular,

e por iso volver alí nos calma, nos reconforta e nos aporta seguridade.

Sabemos que a vórtice diaria, todo o que hai que facer, o estrés, o urgente...non ofrece tregua, pero temos que poñerlle freo...temos que encontrala maneira de deixar oco para o importante, para o pequeno, e en definitiva, para o autocoidado.

Pensemos nas horas que pasamos coidando das demais persoas. Se estás lendo isto deberías pararte 1 minuto e pensar nesta cuestión. Suma o tempo que dedicas aos demais, atendendo as súas necesidades. Logo volve aquí para descubrir que efectivamente, ese tempo é case infinito.

Pensa pola contra no tempo que te dedicas a ti, só a ti, ao teu benestar. Volve de novo aquí para descubrir que ese tempo é anecdótico. E así un día tras outro.

Mudar esta situación require un esforzo persoal moi grande, deixar de mirar fóra para comezar a mirar dentro, pero sen dúbida a recompensa é absolutamente magnífica.

Buscade con ansia ese fogar, ese coidado propio, en medio do “non teño tempo” ou do “non é necesario”. Será unha viaxe de non retorno, pero será imprescindible para encontrala vosa luz.

E desta maneira un día pode que vos encontrades nun café, preto do mar, coa brisa vespertina inundando a vosa face e sendo, só con isto, absolutamente felices.

Nicanor Tischler *Reflexións dun viaxante*

Outro verán raro

Como sobre as subidas da luz e a traxedia de Afganistán xa debe de estar case todo dito, e a servidor non se lle ocorre nada novidoso que aportar, aí van unhas palabriñas sobre o tempo. Recurso, como todos sabemos, moi civilizado.

Estamos a piques de rematar un verán raro, e non só polos condicionantes derivados da interminable pandemia, senón tamén polo comportamento climático que tivo, claramente mellorable para a maioría, aínda que aos visitantes madrileños e sureños lles parecen esas noites frescas e eses días oscilantes entre as nubes e os claros algo moi semellante á

gloria bendita. Iso de poder durmir tapados, dicían, é algo que non se paga de calquera xeito. Para eles, si, para eles que chegaron, ademais, en multitude, o tempo foi seguramente o que agardaban. Pero para os de aquí -haberá de todo, claro, eu só falo por min-, para os que estamos desexando durmir espídos e desfrutar das terrazas en camisa e cunhas gotiñas de suor coruscando na fronte -permítanme un punto de esaxeración-, o verán só foi unha promesa intermitente, un querer chegar e quedar a medias, un asomar tímido e o rápido retorno ao agocho dos nubeiros. Cousas do anticiclón

das Azores, que non estivo onde debía, e de non lembro agora que outras alteracións ou combinacións atmosféricas. Para maior precisión, por aí andan os especialistas. Un só se limita a constatar certo descontento con este desorde. Que as estacións no atendan as razóns do calendario e anden ao chou, mesturándose entre elas cunha promiscuidade impropia dos ciclos naturais consolidados é algo que, por dicilo así, non me parece serio. Pero a verdade é que nada, ou case nada, como titula Víctor Manuel o último disco, está no seu sitio. Hoxe, por exemplo, día 5 de setembro, andan os ter-

mómetros polos trinta e tantos graos e o vento está calmo. Pódese dicir, sen temor ao erro, que é un día de verán de verdade, un día dos veráns que se respectaban a si mesmos, que non enganaban. O problema é que chega tarde e ameazando un rebentón tormentoso. Non é un día limpo, a luz non marca os contornos do mundo coa finura de xuño ou xullo e todo semella estar a pouco de diluírse.

Estes días tan calorosos de setembro son coma eses invitados que só son simpáticos cando están a piques de marchar. Coa chaqueta na man e de pé, empezando a despedirse, é

cando dan o mellor de si mesmos, cando soltan o chiste gracioso, o xogo verbal máis brillante. De boa gaña, postas así as cousas, prolongaríamos a reunión, pero non pode ser, xa se nos fixo tarde a todos. Onde demo tería a cabeza ata este intre, preguntámonos, pero non hai resposta, e se hai fica para sempre nesa zona insondable dos misterios. En calquera caso, agradecemos o colofón imprevisto, de igual xeito que agradecemos un día coma este, algo cargado de costas, si, e electrizado, pero que nos permite desfrutar da terraciña en camisa, coma se viviramos noutras latitudes.

Voluntariado

A mocidade é voluntaria polo Medio Ambiente en As Pontes

O CONCELLO PUXO EN MARCHA EN MAIO UN GRUPO DE VOLUNTARIADO XUVENIL DE ENTRE 16 E 18 ANOS PARA FORMARSE SOBRE O PATRIMONIO NATURAL DA VILA CON ACTIVIDADES NESTE VERÁN

En maio, o Concello das Pontes formou un grupo de voluntarios entre a mocidade local co obxectivo de formar á xuventude mediante actividades organizadas durante todo o verán.

Tania Pardo, responsable da área de Educación e Xuventude, sinala que “desde o Concello levamos anos promovendo un novo modelo de xogo para a infancia, lonxe das pantallas, centrado no desfrute do lecer ao aire libre, esencial para o benestar físico e mental, aínda moito máis

en tempo de pandemia e confinamentos”.

O grupo de voluntariado está conformado por 7 adolescentes, con idades comprendidas entre os 16 e 18 anos, e as actividades comezaron cun proxecto de recollida selectiva de refugallos nos dous centros de secundaria do municipio.


Así, os voluntarios recolleron os envases dos produtos consumidos nos tempos do recreo e que puidesen ser empregados en proxectos artísticos.

Con estes materiais, durante os últimos días do mes de xuño, levouse a cabo un obradoiro de creación de xoguetes, incidindo na importancia de consumir responsablemente.

Ademais, o grupo de voluntariado participou en catro roteiros, de especial interese medioambiental, guiados por monitores expertos en materia medioambiental, que lles permitiron coñecer a fauna, flora e as características da paisaxe e patrimonio natural do municipio.

O grupo tamén colaborou na montaxe da exposición organizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, instalada nos institutos.

Tamén participaron nas actividades culturais do Concello onde deron a coñecer á veciñanza e visitantes os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), mediante o reparto de diferente material informativo e dando resposta ás súas cuestións.



Os voluntarios nas diferentes tarefas.

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Ocio

Dous ponteses lánzanse ao aluguer de autocaravanas no Eume

Nestes tempos convulsos aínda existe quen arrisca e aposta polo turismo. É o caso de Cecilia e Marcos, unha parella das Pontes que vén de lanzar “Eume Tours”, dando a oportunidade de alugar a súa propia autocaravana e ofrecer opcións ao visitante para gozar da comarca do Eume.

“Gustábanos a idea de viaxar na autocaravana, de ter un

pouco máis de liberdade”, explica Cecilia. A pontesa fai fincapé ademais en que en tempos de coronavirus, triunfa o turismo no que non hai necesidade de compartir instalacións con persoas descoñecidas.

A empresaria asegura que en As Pontes “estase impulsando” o turismo “con grandes proxectos”. Polo que comple-

tan este boom co seu novo negocio para “fomentar o turismo na zona”. Ensinan aos seus clientes as rutas da comarca e facilitan o seu coñecemento. Eume Tours ten previsto ampliar o negocio, con máis servizos e packs.

Aínda que a súa empresa comezou en xullo, a súa autocaravana non estivo libre ningún día do verán



Cecilia e Marcos xunto a súa caravana.

Obras

Mellora das comunicacións en Goente, a Faeira e San Pedro de Eume

O PROXECTO BUSCA MELLORAR A SEGURIDADE PEONIL NESTA ZONA RURAL DO MUNICIPIO ASÍ COMO REDUCIR O RISCO PARA OS VEHÍCULOS

As Pontes recibe un dos maiores investimentos programados na rede provincial de estradas, a través das obras de ampliación e mellora da vía provincial DP 1802 orzamentadas en máis de 1 millón de euros. As obras están financiadas con fondos da Deputación da Coruña e está previsto que finalicen a principios de 2022.

González Formoso explicou que o proxecto permitirá anchar e mellorar a seguridade do vial ao seu paso polos núcleos de Goente, A Faeira e San Pedro de Eume, un tramo de



O concelleiro de obras, Ramón Alonso, e o alcalde, Valentín González Formoso.

preto de 9 quilómetros no que a plataforma será ampliada ata os 7 metros de ancho e arcéns de medio metro.

No entronque desta vía coa estrada AC-664, que conecta As Pontes e Cabanas, executárase unha senda peonil.

As obras incluírán tamén a

construción dunha pequena variante para eliminar os puntos máis perigosos do trazado. A esta actuación súmase a recente construción por parte da Deputación dunha senda dun quilómetro en Ribadeume, co obxectivo de mellorar a seguridade dos peóns.

Deporte



O seteiro firmou no libro de honra das Pontes.

As Pontes recibe ao olímpico Daniel Castro

As Pontes contou este verán cun representante local nos xogos olímpicos de Tokio. O deportista pontés, Daniel Castro Barcala, participou nas probas de tiro con arco na capital nipoa e á súa volta ás Pontes foi recibido polo alcalde, Valentín González Formoso, no salón de plenos da Casa Consistorial.

O seteiro das Pontes foi o representante masculino de España de tiro con arco, tanto na proba individual como na competición mixta.

“Non todos os días se recibe a un deportista olímpico nesta casa. Estas grandes ale-

grías venas dando o Club Silex desde fai anos. Abriu camiño Gemma Buitrón, despois Miguel Alvariño e agora Daniel Castro”, indicou González Formoso.

O alcalde referiuse a Daniel Castro como un gran deportista que traballou e traballa moi duro para chegar á un nivel de elite, feito que lle causa todo o respecto e admiración.

Pola súa banda, Daniel Castro Barcala, agradeceu a benvida na súa vila natal. “É moi reconfortante que na túa casa se valore o traballo de tantos anos”, sinalou.




MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME



HORARIOS

De LUNS a SÁBADO | 8 - 14:30h.
MARTES e SÁBADO | 16:30 - 20h.


Achégate e descúbreo!!!




#TURISMO #VENAASPONTES #LAGO #DEPORTE



#VEN A ASPONTES
#DESCOBRE ASPONTES
As Pontes



#BANDEIRAAZUL #DESCOBREASPONTES #NATUREZA

Ocio



Festival de Maxia e Mercado de Pontedeume, incluído nas visitas guiadas.

Festival de Maxia e novo programa de visitas guiadas en Pontedeume

O CONCELLO IMPULSOU NO VERÁN UNHA PROGRAMACIÓN DE LECER PARA TODAS AS IDADES, CUN GRAN ÉXITO DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Pontedeume acolleu en agosto a XI edición do seu Festival de Maxia, cunha completa programación para todas as idades. A praza Real e a Alameda acolleron as diferentes actuacións.

Os magos participantes nesta ocasión foron Dani García e Andy González. O primeiro deles é ademais o máximo res-

ponsable de que este festival afronte xa a súa XI edición. Había anos que non participaba tamén como un dos magos a disfrutar nas rúas de Pontedeume.

O venres, día 13, houbo o roteiro máxico polos escaparates ás 19:30 horas para un público itinerante. “Un festival para un público familiar que

non deixará indiferente a ningún, espectáculos de maxia nos que por suposto teremos en conta todos os protocolos Covid-19”, asegura Ángela Piñeiro, concelleira de Cultura de Pontedeume.

Tamén en agosto, o Concello de Pontedeume puxo en marcha o seu programa de visitas guiadas temáticas. Tres son as

temáticas sobre as que se basa o contido das visitas, organizadas pola Concellería de Turismo: os 750 anos da vila de Pontedeume, a súa heráldica e o Mercado Municipal.

Esta última está dirixida a rapazas e rapaces entre 6 e 12 anos. Nas visitas se lles explica o funcionamento e importancia do mercado municipal.

Deporte

Clases de pádel gratuítas para os nenos e nenas de Pontedeume

O Concello de Pontedeume puxo en marcha unha iniciativa de clases de pádel gratuítas para nenos e nenas de 7 a 11 anos, co obxectivo de fomentar os hábitos de vida saudables desde idades moi tempranas, neste caso cun deporte de moda como o pádel na pista municipal recentemente inaugurada.

O concelleiro de Deportes e Xuventude, Joshua Dopico, destaca “a importancia de que os nenos e nenas fagan deporte, para o noso concello é unha prioridade de goberno”, posibilitando ademais que coñezan a pista de pádel.

“Quixemos que fosen clases gratuítas para que estivesen ao

alcance de todo o mundo durante o período estival, no que é necesario tamén impulsar a conciliación da vía familiar e laboral”, engade Dopico.

A pista de pádel era unha vella demanda veciñal e está tendo moita aceptación, desde a súa inauguración o pasado mes de maio.



Pista de pádel de Pontedeume.

Protesta



Asistiron cen persoas ao acto.

Misa en Monfero en contra dos novos parques eólicos

ORGANIZADA POLA PLATAFORMA VECIÑAL 'MONFERO DI NON'

Preto dun centenar de veciños de Monfero participaron nunha romaría reivindicativa polo día de San Lorenzo, patrón do vento, ao que lle pediron coas súas oracións “frear a invasión” de parques eólicos na comarca. A xornada incluíu unha misa a cargo do párroco de Xestoso, Luís Rodríguez Patiño, xunto ao Mosteiro de Monfero.

“Os pecados ecolóxicos danan o fogar da humanidade”, subliñou o cura. Este pecado ecolóxico, engadiu, “pode in-

cluír alteracións do medio ambiente, contaminación excesiva, avaricia, materialismo e calquera outra acción que leve á negligencia” co medio ambiente.

Tras a cerimonia, os asistentes gozaron dunha xornada tranquila e comerón xuntos aos pés dunha carballeira. As árbores decoradas con flores contribuían a dar un ambiente familiar protagonizado por veciños de todas as idades nun día caloroso e despendado.

A plataforma ‘Monfero Dei Non’ rexeita o proxecto de Pena do Curvo, sobre o que presentaron 1.700 alegacións, e o de Taboada, que proxecta aeroxeradores de 248 metros e que non sairá a información pública. Antes da protesta festiva, reuniuse co delegado do Goberno, José Miñones, quen se comprometeu a estudar co Executivo a posibilidade de paralizar os trámites dos parques que teñan informe desfavorable da Xunta.

Servizos Sociais

Pontedeume impulsa un servizo de coidadoras no rural

Os Concellos de Pontedeume e Cabanas acollen a partir deste mes unha nova edición do servizo gratuíto de atención a coidadoras.

A Fundación Mulleres pon a disposición destes dous concellos este programa, que conta co financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

A partir de mediados de setembro e durante un mes en sesións de hora e media semanal traballaranse os seguintes aspectos fundamentais: ‘Autoestima ‘Como te queres, como te sintes’; ‘Corresponsabilidade ‘Coidar e ser coidadas’; Proxecto vital ‘Rumbo a miña vida’; Dixita-

lizadas ‘Manexando o móbil’; ‘Prevención do acoso na rúa’.

O programa realizarase no Centro Municipal de Maiores de Pontedeume os mércores entre o 22 de setembro e o 24 de novembro entre as 10:30 e as 12:30.

Esta formación enmárcase dentro do programa de atención psicosocial e diríxese ás coidadoras ou coidadores que teñan ao seu cargo persoas dependentes.

As persoas interesadas poden solicitar información e inscribirse chamando aos teléfonos de servizos sociais municipais: 981 433 288 (Pontedeume) e 981 495 959 Ext.2 (Cabanas).



Coidado dos maiores.

Xacobeo

‘Monumenta’ nas rúas eumesas

O secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, visitou Pontedeume con motivo da inauguración do proxecto ‘Monumenta, andar con arte’ na nosa vila.

Esta actividade, enmarcada dentro da celebración do Xacobeo 2021-2022, brindou aos participantes a oportunidade de realizar un roteiro cultural polo casco histórico eumés acompañados do historiador Carlos de Castro e da catedrá-

tica en Etnomusicoloxía Carolina Queipo.

A visita rematou coa actuación musical de Antía Muíño nos Xardíns do Convento dos Agostiños (Casa da Cultura).

Este proxecto, que inclúe unicamente 14 municipios de Galicia, continuará a súa andadura ata o mes de setembro visitando outras localidades como O Cebreiro, Vimianzo ou Ribeira.



Asistentes á iniciativa.

Obras



As obras buscan enriquecer social, cultural e turisticamente os espazos públicos.

Medio millón de euros destinados a obras en Cabanas

Nas últimas semanas, o Concello de Cabanas sacou a licitación diferentes obras por un importe total de 529.444 euros, algunhas das cales xa están adxudicadas e outras está previsto que se decida a empresa que as realizará nas videiras semanas. Trátase de actuacións que contemplan a reparación do firme de camiños, obras de saneamento, actuacións en parques e xardín e infraestruturas culturais, medioambientais e turísticas.

En canto a traballos no firme de camiños, recentemente foron adxudicados os traballos de mellora no Camiño do Rolo e Camiño do Muíño, por un importe de 75.673 euros, e o camiño de Igrexario a Xabariz, por 30.976 euros. Doutra banda, a reparación dos camiños de Horta, Pereiro e Río dos Car-

neiros contan cun orzamento total de 50.432 euros e ambos atópanse en fase de licitación. Estas obras contan con financiamento da Deputación da Coruña, agás o camiño de Igrexario a Xabariz, que se financian con fondos AGADER da Xunta de Galicia.

A estes proxectos súmanse outros dous de saneamento que se atopan en fase de licitación. Dunha banda, trátase da conexión da rede de sumidoiros desde a Área Recreativa da Veiga a Batán (2ª fase) por un importe de 112.425 euros, financiada con fondos provinciais. A esta engádese a substitución de tubaxes de fibrocemento nas rúas “Os Salgueiros” e “Corredoira da Igrexa”, cun orzamento de 49.854 euros.

Respecto aos parques e xardíns, o Concello de Cabanas

explica que está en proceso de licitación a mellora das instalacións recreativas en Pedra do Couto por un importe de 45.385 euros que serán financiados con fondos da Deputación da Coruña.

Doutra banda, a cuarta fase da reparación da Escola Laica, que acollerá a Casa da Cultura de Cabanas, será financiada con fondos propios por un importe de 106.891 euros e atópase tamén en proceso de licitación.

Por último, a obra de construción do Centro de Interpretación do Medio Mariño de Cabanas (CIMM Cabanas), ao carón da Oficina de Información Turística, vén de ser adxudicada por 57.804 euros. Este proxecto contará co financiamento de fondos europeos a través do GALP.

O goberno municipal valorou o alto número de licitacións destas últimas semanas, resultado dun “importante esforzo técnico durante os anos 2020 e 2021 para proxectar solucións a diversos problemas detectados, mellorar os servizos e mirar ao futuro con novos espazos públicos que reverterán nun maior enriquecemento social, cultural e turístico”.

Servizos

Retómase o servizo de madrugadores para os escolares de Cabanas

Coa chegada do novo curso escolar, o Concello de Cabanas puxo en marcha a finais do mes de agosto o servizo “Mencer na Escola”, unha medida municipal de conciliación. O programa abriu as inscricións a finais de mes e está previsto que dea servizo a partir da segunda semana de setembro.

Segundo o Concello “trátase dun recurso de apoio para posibilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, e ofértase prioritariamente ás familias que non poden contar con outros recursos da rede familiar ou social, ou non lles é práctica a aplicación das medidas legais destinadas a facilitar a conciliación laboral e familiar”.

O programa está dirixido ao alumnado de educación infantil e primaria do CEIP Eladia Mariño, e será realiza-

do durante as mañás lectivas do curso escolar desde as 7.30 até as 9.30 horas. Nel, levaranse a cabo actividades recreativas e socioeducativas para os nenos e nenas, e proporcionaranse almorzos saudables para aqueles que o soliciten.

Os prezos do programa teñen carácter mensual e sitúanse entre os 15 e os 30 euros, en función de se inclúe ou non almorzo. Ademais, permítese contratar o servizo por días soltos.

A ordenanza municipal especifica ademais bonificacións do 50% do prezo público cando participen dous ou máis membros da mesma unidade familiar. Por último, en casos excepcionais, previo informe dos servizos sociais, poderase bonificar total ou parcialmente o prezo público.

Cultura

Escenario de luxo para os concertos no mes de agosto en Monfero

As citas musicais tiveron un escenario moi especial no mes de agosto, cuxa construción data do século XII. O Mosteiro de Monfero acolleu cada domingo un concerto, organizado polo Concello en colaboración coa Deputación da Coruña no marco dos “Domingos Culturais”.

Entre os artistas que actuaron no monumento están Ce-

sar Morán e Rebeca Maseda, Xoán Curiel, Keilin Ensemble, The Duellist e Marés Sonoras. Á propia espectacularidade do mosteiro súmase a acústica única e impresionante do lugar.

Dende o Concello de Monfero sinalan que os concertos desenvolvéronse cumprindo cos protocolos sanitarios pertinentes.

Cabanas

Obras de saneamento no Parque do Areal

As obras para a conexión da rede de saneamento e reparación de augas pluviais no Parque do Areal de Cabanas están cada vez máis preto de solucionar os problemas desta zona. O Concello de Cabanas vén de sacar a licitación esta actuación, que inclúe tamén a humanización e a mellora da accesibilidade no cruce da Avenida do Areal coa Travesía

do Areal, principal entrada peonil ao entorno da Praia da Madalena desde o núcleo urbano da calidade.

Con estas obras o Concello de Cabanas arranxará as deficiencias da rede de saneamento e augas pluviais na zona do Areal, onde se teñen detectado diferentes contaminacións de fecais na rede pluviais canalizadas ao Río



Plano das actuacións a realizar no parque.

Penso, que desemboca na Praia do Fabal. A nova rede de saneamento canalizarase ata o colector de augas residuais situado no Paseo da Madalena. Ademais instaláranse novos colectores pluviais e rehabilitárase o parque na zona próxima á vía do tren.

O orzamento da actuación roza os 245.000 euros, que serán financiados con fondos propios do Concello e pola Deputación da Coruña.

Para o goberno local, estas obras “veñen a solucionar un importante problema medioambiental e urbanístico na zona urbana”.

Sindo Vilariño, *catedrático de Economía*

A ponte de pau e a xira ao río Eume

SEGUNDO COUCEIRO FREIJOMIL ESTA TRADICIÓN DEBEU COMEZAR A FINAIS DOS ANOS OITENTA DO SÉCULO XIX



Xira ao Eume. 11 setembro 1916.

A primeira referencia que atopamos da celebración da mesma é do ano 1888. Ao ano seguinte viñeron convidadas personalidades de Betanzos, -vila que levaba xa bastantes anos celebrando a romaría dos Caneiros-, entre os que figuraban os redactores do periódico brigantino “Las Riberas del Mendo”, e participan na xira con embarcación propia, converténdose a festa nun acto de irmandade coa cidade veciña.

No ano 1890, o poeta Galo Salinas Rodríguez, que vivía neses anos en Pontedeume onde rexentaba unha escola de primaria, fai unha descrición da xira ao Eume nunha carta enviada ao director do semanario brigantino “El Mendo”, festa á que asiste convidado polo alcalde Xoán A. Sardiña Barceló. O barco das autoridades ía engalanado con bandeirolas e gallardetes, e nel tamén viaxaba a banda de música que ameniza a festa. Escribe Galo Salinas: “... alí, comeuse, bai-

louse, bebeuse, empezou a toleira,.. máis sen soar unha soa nota discordante que descompuxese a alegría xeral naquel concerto formado por un pobo culto que se respecta. Felicítos”.

Máis de cen anos leva de vida a “Xira ao Eume” como número obrigado das festas das peras, a pesares dos altibaixos na concorrencia de público e embarcacións e, ás veces, da pouca promoción da mesma polas comisións de festas correspondentes. E non digo nada novo se afirmo que nestes últimos anos moitos eumeses logo de cantar a popular canción na que piden ter ese día libre, de “asuntos propios”, esquecense de rematar a troula ás beiras do Eume.

As obras de reconstrución da ponte de pedra remátanse a finais do 1888, e en abril do ano seguinte realizase a poxa para a demolición e aproveitamento de materiais da ponte de pau.

Nun especial da Voz de Galicia sobre as Festas das Peras publicado o sete de setembro de 1947, Antonio Couceiro Freijomil asinaba un artigo, co título “A ponte de pau”, no que facía referencia aos anos do século XIX en que os eumeses estiveramos condenados a un verdadeiro illamento, debido ao derrubamento de tres arcos da nova ponte de pedra por mor dunha enchente do río.

A ponte actual, que substituíu a vella ponte gótica medieval, se termina de construír no 1869 e entra en funcionamento en 1870. Poucos anos mais tarde, no ano 1874, prodúcese esa forte riada que deixa incomunicados durante mais de sete anos aos habitantes da comarca eumesa. As autoridades encárganlle ao contratista Xoaquín Plá que levante á beira este da ponte de pedra derrubada unha ponte de madeira provisional, sendo o redactor do proxecto o enxeñeiro Eduardo Vila. A ponte de pau, de 227 metros de lonxitude e cinco metros

de ancho, entra en funcionamento no ano 1881.

Durante eses sete anos de incomunicación terrestre, o paso de persoas, animais e mercadorías entres as dúas beiras do río Eume se levaba a cabo en lanchas e barcasas, que tiñan que loitar moitas veces coas fortes correntes e os ventos de nordeste.

Sostén Couceiro Freijomil que un dos organizadores das festas patronais neses anos, Francisco Anca y Soler, quizais con motivo de rememorar aquel festivo transbordo marítimo-fluvial que tiñan que realizar os habitantes da outra banda da ponte para acudir ás festas das peras durante os anos de illamento, ideou a nomeada “Xira ao Eume” que se celebra o día once de setembro. Parafraseando a Couceiro Freijomil, unha feliz iniciativa pola que merece perpetuo recordo.

Se tomamos por certo o achegamento que fai Couceiro, debeu logo comezar a celebración da “Xira ao Eume” a finais dos anos oitenta do século XIX.



Xira ao río en 1913.

Economía



O presidente da Deputación, Valentín González, presentou o plan de axudas.

A Deputación financia 115 proxectos en empresas de Ferrol, Eume e Ortegal

O PLAN DE EMPREGO LOCAL POSTO EN MARCHA POLA ENTIDADE QUE PRESIDENTE VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO DEIXARÁ MÁIS DE 500.000 EUROS NESTES PLANS DE AXUDA AO TECIDO EMPRESARIAL

A Deputación da Coruña destina este ano 3.444.339,48 euros —un 75% máis que o ano pasado— no Plan de Emprego Local (PEL) para apoiar as 397 empresas de recente creación e persoas autónomas da provincia na realización de investimentos vinculados ao fortalecemento e consolidación dos seus negocios.

A maior parte das persoas beneficiarias son mulleres, xa que un total de 228 autónomas recibirán a axuda, é dicir, máis do 90% do total. Na distribución por comarcas, a da Coruña é a que conta cun maior número de solicitudes concedidas con 129, o que supón 991.458,27 euros en axudas, seguida da comarca de Santiago, con menos solicitudes concedidas, un total de 122, pero un importe concedido superior, un total de 1.153.612,86 euros.

A estas comarcas séguenlles a de Ferrol con 61 solicitudes concedidas por importe de 503.161,18 euros.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso,

Plan de Emprego Local 2021		
Municipio	Empregos creados	PEMES e autónomos
Ares	4	3
Cabanas	2	5
A Capela	1	3
Cariño	0	25
Cedeira	3	8
Cerdido	0	6
Fene	6	4
Ferrol	0	5
Mañón	1	2
Moeche	1	3
Monfero	1	3
Mugardos	4	2
Narón	0	7
Neda	1	4
Ortigueira	4	2
Pontedeume	3	4
As Pontes	10	10
San Sadurniño	2	9
As Somozas	1	3
Valdoviño	6	3
TOTAL	53	115

destacou que o Goberno provincial reforzou este ano o investimento en todos os programas sociais e de Emprego para facer fronte aos efectos da COVID-19.

“Ademais de crear programas específicos como os dous plans REACTIVA cos que destinamos 25 millóns de euros en axudas directas aos sectores máis prexudicados durante a pandemia, reforzamos tamén as liñas convencionais do PEL,

o que permitirá, entre outras cousas, apoiar a contratación de 412 persoas en pemes e microempresas durante 2021, o dobre que o ano pasado”.

As axudas do PEL-PEMES financiarán o 70% dos custos do primeiro ano da contratación, incluíndo os gastos de soldos e salarios e Seguridade Social. Destas 412 contratacións realizadas, máis da metade (222) serán realizadas con carácter indefinido.

Investimentos



A Deputación financia a ampliación do local social de San Mateo

A Deputación da Coruña financia, a través do Plan Único, a ampliación do local social de San Mateo, no Concello de Narón, un proxecto que responde ás demandas da agrupación veciñal que fai uso deste espazo.

A actuación, que se atopa actualmente en proceso de licitación na Plataforma de Contratación do Estado, conta cun orzamento de 100.488,16 euros dos que a Deputación aporta 88.317,99 euros e a cantidade restante, 12.170,27 euros, é asumida polas arcas municipais.

O obxectivo desta obra é dotar ao local social de San

Mateo de maior superficie, mellorando a calidade e a oferta das actividades que alí se levan a cabo.

Para iso, ampliarase a súa superficie polo perfil suroeste nun total de 200 metros cadrados e dotarase ao edificio dun novo acceso, e da iluminación e as medidas contraincendios (dous extintores e dúas bocas de incendio) necesarias para o desenvolvemento das diferentes accións.

O prazo para a presentación de ofertas no perfil do contratante municipal rematará o próximo venres 17 de setembro.

Infraestruturas



Melloras no campo de fútbol de San Isidro

O Concello de Neda investirá 61.356,45 euros en diversas obras de mellora do campo de fútbol de San Isidro. A intervención contempla obras nas gradás e no peche das instalacións, e financiarase con cargo ao POS+ 2021 da Deputación provincial da Coruña, cun prazo de execución estimado de 3 meses.

Ao detalle, e respecto á zona de gradás, eliminarase o material de cobertura, moi deteriorado, ampliarase a cu-

berta e instalarase panel sándwich, máis resistente e con mellor protección fronte á choiva.

A actuación sobre o peche perimetral contempla a substitución dunha parte por unha nova malla de cordón de nylon, así como a renovación dos postes danados, e a construción dunha cuneta formigonada en v para a recollida de pluviais, conducíndoas ata o exterior do recinto do campo.

Urbanismo

Aprobada a expropiación do Siroco como paso previo para a demolición

O EDIFICIO, SITUADO EN PRIMEIRA LIÑA DA PRAIA DA FROUXEIRA, ATÓPASE NUN ESTADO DE DETERIORO MOI AVANZADO DENDE HAI MÁIS DE QUINCE ANOS

A demolición do antigo bar Siroco, na praia da Frouxeira, está máis preto. A Xunta de goberno local aprobaba inicialmente este mes de agosto o expediente de expropiación urbanística para que o edificio, que degrada a imaxe da contorna do areal, pase a ser de titularidade municipal.

É o paso previo para o seu demandado derribo. O Concello pretende facer desaparecer o inmoble, e incorporar a parcela que ocupa ao sistema xeral viario, mellorando a conexión peonil entre as dúas vías que conflúen na zona.

O goberno de Alberto González dá o primeiro efectivo paso para acabar dunha vez por todas con ese edificio abandonado dende hai anos, situado na primeira liña de praia, e que se atopa en avanzado estado de deterioro (sen fiestras na parte superior, cos accesos e ventás do baixo tapiadas, con pintadas, gretas...)

A decisión chega xusto despois de que a Intervención mu-

■ **A Intervención municipal autorizou un gasto** pola cantidade de 17.604,73 euros para levar a cabo este trámite administrativo

nicipal autorizase un gasto pola cantidade de 17.604,73 euros, correspondentes á valoración técnica realizada da expropiación. O expediente pasará agora un período de información pública para que as per-

soas interesadas formulen as reclamación que consideren oportunas.

A demolición do edificio colea dende hai 15 anos, momento no que Demarcación de Costas procedía, no marco do proceso de recuperación e mellora da Frouxeira, ao derribo do restaurante La Rotonda, situado xusto enfronte do Siroco. Con todo, este é o primeiro avance real para poder materializar o proxecto.

O Concello pretende aproveitar a parcela, unha vez liberada, para mellorar a conexión peonil entre as dúas estradas que conclúen neste punto, conectando as beiravías da Aldea A Lagoa e da Estrada á praia. Unha medida que contribuirá a optimizar a seguridade viaria na contorna de areal, que soporta no verán un intensísimo fluxo de vehículos.



Medio Ambiente

Moeche contará cun punto de recollida de auga para os helicópteros

O Concello de Moeche colabora coa Consellaría do Medio Rural cedéndolle unha parcela municipal en Portogonzalbo para a construción dun depósito que poida ser utilizado polos servizos de extinción de incendios.

A particularidade da obra é que, ademais de valer para motobombas, tamén poderán empregala os helicópteros para encher os seus "bambis", nome que se lle dá aos baldes de carga rápida que levan pendurados.

O punto de captación terá unha capacidade superior aos 100.000 litros e estará abastecido permanentemente polo rego das Mourelas.

A elección do sitio por parte do Distrito Forestal obedece á súa localización estratéxica para completar a rede comarcal de hidrantes para medios aéreos, pero tamén ao feito de encontrarse nun val amplo de prados e labradíos que fan máis doadas e seguras as súas manobras.

Ademais, a situación do depósito á beira de pistas asfaltadas tamén facilitará a carga de motobombas e outros equipos terrestres.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño

Sociedade

Valdoviño foi en 2020 o segundo concello con maior saldo migratorio de Galicia

O MUNICIPIO BATEU TODOS OS SEUS RÉCORDS E RECIBIU SÓ O PASADO ANO A MÁIS NOVOS VECIÑOS QUE NA ÚLTIMA DÉCADA

O último estudo sobre saldo migratorios —a diferenza entre as persoas que chegan e as que se van dun municipio— realizado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) desvela importantes movementos de poboación durante o pasado ano nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Os datos presentados neste estudo do IGE son os primeiros que recollen o efecto da pandemia do COVID-19, pois inclúen a información relativa ao 2020.

En termos netos, o conxunto do territorio obtivo en 2020 un saldo positivo de 950 novos veciños, o que supón un 10,5% máis que no ano anterior, onde o saldo foi de 861 persoas. Con todo, existen importantes diferenzas entre algúns municipios e comarcas. Por encima de to-

dos destaca o caso de Valdoviño, que é o segundo municipio de toda Galicia —e o primeiro das tres comarcas— cun maior saldo migratorio.

E é que durante o ano 2020 chegaron ao concello 389 persoas máis das que se foron. Unhas cifras que supoñen un auténtico récord para o municipio —no últimos dez anos acumulara un saldo positivo de 225 persoas— e que podería estar estreitamente relacionado coa irrupción da pandemia. Valdoviño foi historicamente un municipio con moito turismo interno, un lugar no que os veciños de Ferrol ou Narón tiñan as súas segundas residencias. E as restricións da pandemia levarían a moitos deles a trasladarse definitivamente ao municipio costeiro.

O propia alcalde, Alberto González, recoñecía recentemente que unha das oportunidades xurdidas en Valdoviño por mor da pandemia era que “consolidarse como un lugar de residencia”. “Un lugar onde vivir, traballar e xerar un proxecto de vida. Esa visión en positivo do noso municipio co-



Imaxe da praia da Frouxeira coa núcleo urbano de Valdoviño ao fondo.

mo un espazo amable e con servizos levou a moita xente para apostar por Valdoviño como o seu fogar. Experimentamos un crecemento demográfico moi significativo que nos sitúa ao bordo dos 7.000 habitantes”.

Un caso similar é o de Ares, que durante o pasado ano recibiu a 202 veciños máis dos que se foron. Un traslado interno de poboación que xa viña proxectando en 2019 e 2018 —con 119 e 94 persoas, respectivamente— e que no pasado ano terminou de confirmarse.

Séguelle na lista en concello de Cabanas, outro dos lugares que experimentou un importante crecemento poboacional nos últimos anos e que se viu acelerado por mor da pandemia. Segundo o estudo do IGE, o concello recibiu 124 veciños

máis dos que emigraron. O certo é que desde 2016 o saldo migratorio de Cabanas é positivo.

O caso de Ferrol

No outro lado da balanza está o concello de Ferrol, que é o único xunto con Ortigueira e As Pontes, que presenta un saldo migratorio negativo. É dicir, fóronse máis veciños dos que chegaron. Concretamente, na cidade departamental a sangría ascende a 192 persoas, xa que segundo este estudo un total de 352 persoas chegaron a vivir a Ferrol, pero 544 trasladáronse a outros municipios.

Esta cifra non é un récord para a cidade cabeceira da comarca, que presenta un historial dramático en canto a saldo migratorio. En 2011 foi de -369, en 2012 de -447, en 2013

de -228, en 2015 de -454, en 2016 de -280 e en 2017 de -174. No últimos dez anos tan só en 2018 e en 2019 Ferrol conseguiu atraer a máis veciños dos que decidiron marcharse, 12 e 67 en termos netos, respectivamente.

Respecto ao resto de municipios, Cedeira obtivo un saldo positivo de 51 novos veciños, Fene de 91, Moeche de 40, Murgados de 73, Narón quedou en 0, Neda recibiu a 66 persoas máis das que se foron, San Sadurniño a 57 e As Somozas a 13. Na comarca do Eume, A Capela conta cun saldo neto de 29 veciños máis dos que se foron, Monfero de 27 e Pontedeume de 2 e As Pontes -63. No Ortegal, Cariño pechou 2020 cun saldo migratorio positivo de 28 veciños, Cerdido de 14, Mañón de 6 e Ortigueira de -6.

Gastronomía

Narón busca a súa propia tarta

A proia de Pontedeume, as mantecadas das Pontes, a bola de nata da Capela ou a torta de castañas de Ferrol forman xa parte da tradición gastronómica da comarca e de Galicia.

Agora Narón busca ter tamén a súa sobremesa típica e para iso promoverá un concurso dirixido a profesionais da gastronomía co obxectivo de alcanzar un produto gastronómico de pastelería “representativo do noso concello, a “Torta de Narón”, anunciou o

alcalde accidental, Guillermo Sánchez Fojo, e a concelleira de Turismo e Festas, Natalia Hermida Rico.

A proposta seleccionada que será de produción propia, servirá para compartir tanto en festas-celebracións de carácter familiar e social, como en agasallo para turistas e persoas que por calquera outro motivo visitan Narón, neste sentido será un “doce de viaxe”.

Tamén será un produto degustación que nos represente en eventos de carácter institu-

cional, turístico e promocional do territorio poñendo en valor a nosa riqueza pasteira.

A elaboración ganadora será elixida por un xurado profesional do mundo da pastelería, gastronomía e da área de formación, e formará parte nas vitrinas das pastelerías que a desexen ofrecer como reclamo turístico e gastronómico.

A “Tarta de Narón” é un produto xa rexistrado polo Concello e irá acompañada dunha imaxe do Muíño das Aceas.



O envase da tarta terá un deseño do muíño das Aceas.

Sociedade

Veciños de Cerdido e Fene marchan na Coruña contra o peche de bancos



Veciños do barrio de San Valentín, en Fene, na marcha desenvolvida en A Coruña.

OS ALCALDES DOS MUNICIPIOS AFECTADOS INSTAN ÁS ENTIDADES BANCARIAS A DAR MARCHA ATRÁS E RECORDAN QUE A MEIRANDE PARTE DOS VECIÑOS SON MAIORES

Deceas de veciños de Fene e Cerdido manifestáronse este mes de agosto en A Coruña, nunha marcha convocada por varios Concellos afectados polo peche das oficinas de Abanca nos devanditos municipios. A mobilización contou coa presenza dos alcaldes e alcaldesa dos citados

concellos e co apoio de formacións sindicais e políticas como o BNG, PSdeG e CIG.


A marcha iniciouse ás portas de Afundación e terminou na oficina central de Abanca na rúa San Andrés. Escoltáronse cánticos como “non ós peches” e os asistentes portaban pancartas que pedían que non se pechasen as oficinas e outras que tachaban ao presidente de Abanca, Juan Carlos Escotet, de “ingrato”.

O alcalde de Cerdido, Benigno Galego, explicou que no seu concello “só queda un caixeiro obsoleto que sofre bastantes avarías” e subliñou que o municipio ten “unha poboación envellecida”, e que, para eles, utilizar a banca electrónica é “complicado”. Tamén denunciou as dificultades para desprazarse a concellos limítrofes “por falta de transporte público”.

“Queremos expresar a máis rotunda oposición a esta política”.

“Están a reducir as oficinas e o persoal, no últimos cinco anos máis de 100 oficinas pecharon”, expuxo o alcalde de Fene, Juvenino Trigo, que instou á Xunta e o Goberno para “tomar medidas”. “O que está a facer Abanca está fóra de toda lóxica”, dixo.

Infraestruturas



Aprobada a reforma do Mercado de Mugardos

A Corporación Municipal de Mugardos aprobou o pasado mes de agosto o proxecto de reforma do Mercado de Abastos “San Telmo”, para adecuá-lo ás novas necesidades de postos de venda.

O novo documento mantén as condicións acadadas de forma consensuada cos operadores do mercado. En vindeiras datas, o Concello se reunirá cos operadores para avaliar o programa de execución das obras, co fin de interferir o menos posible no funcionamento do mercado. As novas instalacións estarán

rematadas antes de finalizar o ano.

Actualmente o mercado consta de do edificios cunha serie de locais distribuídos entre ambos, e destinados a venda de fruta, flores, verdura, carne e pescado. Das dúas edificacións, prescínlese dunha e a outra se adecuá-las ás novas necesidades. Os sete locais resultantes serán máis grandes que os actuais.

Os postos de venda pasarán ó edificio que se reformará. O orzamento de execución por contrata ascende a 240.397 euros.

Medio Ambiente

Narón intensificará a vixilancia para erradicar vertedoiros incontrolados

O Concello de Narón intensificará os controis e as sancións no termo municipal para erradicar vertedoiros incontrolados localizados en algúns puntos do municipio así como as condutas incívicas que levan a depositar ao lado dos contenedores mobiliario e outros voluminosos sin avisar nin concertar data cos servizos municipais de recollida. A ordenanza en vigor no Concello contempla sancións de ata 3.000 euros para os casos calificados como “moi graves”, que valora a Policía de Medio Ambiente, pero aqueles que se tramiten a través da lei autonómica de residuos, os expedientes remítense á Xunta de Galicia –ao non ser competencia municipal- e as sancións poden superar os 30.000 euros.

O concelleiro de Servizos, Ibán Santalla, recordou que tras a entrada en vigor do novo contrato de Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos (RSU) e limpeza viaria, unha das mello-



Mobiliario doméstico depositado irregularmente na rúa.

ras establecidas, que xa se está aplicando, e o aumento de recollida dos residuos que pasou de 2 a 3 veces por semana. Santalla lamentou “algunhas condutas incívicas que levan a depositar, incluso en fins de semana, residuos en puntos ilegais da nosa cidade” e incidiu no chamamento á colaboración da veciñanza para manter o noso municipio nas mellores con-

dicións de limpeza, recordando que o Concello ten a disposición da cidadanía as instalacións do Punto Limpo municipal de Río do Pozo, operativo de luns a venres en horario de 9.00 a 13.00 horas e os sábados de 9.00 a 14.00 horas, e tamén o Servizo de recollida de enseres co que se debe concertar a recollida chamando ao número de teléfono: 981391074

A CARÓN DA NOSA XENTE CANDO MÁIS SE NECESITA.

No 2021 facemos a maior aposta social da historia da Deputación da Coruña, **aumentando un 137%** o orzamento desta área para reforzar todos os programas sociais.

- ✓ O Plan Único adquire unha nova dimensión social, con **14 millóns de euros para protexer os colectivos máis vulnerables.**
- ✓ O programa de Teleasistencia acompaña cada día a 2.800 persoas maiores que viven soas ofrecendo tranquilidade ás súas familias.
- ✓ Duplicamos o orzamento do Plan de Servizos Sociais Municipais ata **8 millóns de euros, para a contratación de 200 profesionais** e o financiamento de **300.000 horas** de axuda no fogar.
- ✓ Apoiamos a **257 entidades sociais** con **3,3 millóns de euros.**



Deputación
DA CORUÑA

Patrimonio



Traballos de escavación no xacemento costeiro de Cedeira.

Novos achados sobre o pasado do castro de Sarridal

A ESCAVACIÓN DESTAPOU UN MURO E O ÁBSIDE QUE CORRESPONDERÍA Á ÉPOCA TARDOANTIGA, A PARTIR DO SÉCULO IV

A última campaña de escavación que o Concello de Cedeira está a levar a cabo no xacemento de Castro Sarridal deparou unha grata sorpresa: o descubrimento dos restos dun templo tardoantigo de planta basilical.

O achado significa, entre outras cousas, que este emprazamento estivo ocupado durante máis de 800 anos, unha circunstancia que confirma o enorme potencial arqueolóxico e patrimonial da zona. Emilio Ramil, o director do equipo de Axa Arqueoloxía, explicou que estes restos confiren maior complexidade ao conxunto e o converte nunha referencia totalmente innovadora en Galicia.

Os restos atopados están no sector oeste do xacemento, preto da sauna castrexa. A escavación destapou un muro e o ábside desta construción, que



Esta nova campaña desvelou que o castro estivo habitado ata o século IV.

correspondería á época tardoantiga, a partir do século IV d.C., o tempo que corresponde ao fin do mundo romano e á entrada dos visigodos e a cristianización.

Emilio Ramil explicou que haberá que continuar traballando e escavando para ter certeza, pero que a hipótese de traballo é que esta construción sería un oratorio, un espa-

zo de culto, do citado período. “O máis importante é que o achado confirma que estamos a falar de máis de 800 anos de ocupación nesta zona”, comentou Ramil.

A campaña de escavación, que comezou a mediados de xullo e vai rematar esta semana, desenvolveu tamén traballos na zona da muralla defensiva do castro Sarridal, onde

apareceu un muro que corta o mesmo torreón defensivo, cunha entrada en forma de vano ou escada. Esta é outra incógnita que haberá que despexar en sucesivas escavacións.

Unha vez rematada esta campaña virán, no mes de setembro, os traballos de consolidación dos restos escavados, que serán financiados pola Dirección Xeral de Patrimonio.

Patrimonio

Novo pulo á recuperación dos castros de Punta Frouxeira e Coto Redondo

A Dirección Xeral de Patrimonio apoiará con 16.000 euros os traballos de posta en valor dos castros de Punta Frouxeira e do Coto Redondo, consistentes na limpeza e roza dos castros, a realización de varias sondaxes arqueolóxicas valorativas para pescudar a potencialidade arqueolóxica dos xacementos, caracterización e encadre cronolóxico para a súa posta en valor, e accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos.

Trátase de castros costeiros, poboados fortificados situados en puntas costeiras que están rodeadas por cantís excepto nas zonas de istmo, onde desenvollen os seus sistemas defensivos, con presenza de foxos e murallas.

O castro de Punta Frouxeira está formado por un único recinto de 85 metros no seu eixo Norte-Sur e 56 metros no eixo Este-Oeste. Está rodeado por cantís, salvo no lado do istmo, onde presenta un sistema defensivo máis complexo cunha primeira defensa nunha muralla, seguida dun foxo, un parapeto e un segundo foxo. No lado sur conta cun terraplén. A parte do castro cara ao mar está moi afectada polo erosión mariña.

Por outra banda, tamén é de destacar o castro de Coto Redondo, outro castro costeiro de planta ovalada, cun único recinto de 55 por 44 metros, aínda que en orixe debeu ter máis superficie dado que tamén está afectado pola actividade do mar. Está delimitado polos cantís e, no lado Este, por unha muralla de terra, un terraplén e conserva un pequeno anaco de parapeto. A entrada estaría cara á zona central da muralla, nunha inflexión en forma de cóbado.

Ambos xacementos arqueolóxicos teñen a condición de bens pertencentes ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

É por iso, tendo en conta os valores históricos, patrimoniais e naturais que reúnen estes xacementos arqueolóxicos, que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural considera de interese levar a cabo neste ano actuacións de recuperación e de posta en valor dos mesmos.

Infraestruturas

Neda licitou en agosto a reparación de varios viais por máis de 240.000 euros

A MEIRANDE PARTE DAS INTERVENCIÓNS FINANCIARANSE CON CARGO AO PLAN ÚNICO 2021 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O Concello de Neda sacou a contratación o pasado mes de agosto diferentes obras de acondicionamento de camiños e rúas por un importe superior aos 240.000 euros. As intervencións financiaranse con cargo ao POS+2021 da Deputación provincial da Coruña, e permitirán avanzar na mellora do firme da red viaria municipal.

En concreto, as actuacións contemplan a pavimentación dos camiños Rabadeña-Fábrica do Monte, por importe de 45.007,54 euros; do camiño do Vilar (en Casadelos), dende o cruce de subida ao monte de Ancos e ata o cruce de Forxá a San Antonio, cun investimento de 55.977,59 euros, e o camiño de Alcallás-Cruz do Pouso, no treito en Mourela do Medio, dende o cruce de baixada de Mosteirón ata o cruce en Cruz do Pouso co vial autonómico AC-862, por importe de 62.094,65 euros. O prazo de execución de cada unha das intervencións é de 2 meses.

Deste xeito, o Concello busca mellorar o estado dos viais, moi deteriorados polo paso do tempo e o intenso tráfico que soportan, así como polos efectos do tránsito continuo de vehículos adicados ao transporte de madeira no caso vial Rabadeña-Fábrica do Monte.



Camiño de titularidade municipal na parroquia de Anca.

Outro dos proxectos que se sacaron a licitación foi o das obras de acondicionamento do camiño Chisqueira-Galanos, na parroquia de Anca. O alcalde, Ángel Alvarinho, explicou que os traballos contemplaron o aglomerado do vial, dun quilómetro de lonxitude, e limpeza de cunetas. Nas obras invetéronse uns 47.000 euros, con cargo ao programa de axudas PEIM-Rural.

A intervención dá servizo ao núcleo de poboación de Anca Vella, e permitiu mellorar o firme do vial, moi deteriorado polo paso do tempo e tráfico rodado que soporta, o que redundará no reforzo da seguridade vial na zona.

Por último, o goberno local

abriu o proceso de contratación das obras de acondicionamento de tres camiños no Empedrón. Intervencións que contan cun investimento de 30.393,18 euros a financiar con cargo ao POS+Adicional da Deputación provincial da Coruña. As empresas interesadas en optar ao contrato poden presentar as súas ofertas ata o 19 de agosto e consultar a documentación na plataforma de contratos do sector público.

As obras a executar centraranse no camiño de baixada da AC-115 a Empedrón; o camiño de Empedrón dende o IES Fernando Esquío ata a AC-115, e no camiño do Empedrón dende o instituto ata a ribeira do Xuvia.

Sanidade



PSOE de Narón urxe á Xunta a resolver as deficiencias do centro de saúde

A executiva do PSdeG-PSOE de Narón remitiu unha solicitude á Consellería de Sanidade para que solvente “de xeito inmediato os problemas estruturais e funcionais do novo centro de saúde do municipio”.

Segundo os socialistas, as instalacións, inauguradas hai dous meses, presentan “múltiples deficiencias”, polo que non cumpren cunha atención axeitada á veciñanza e tampouco facilita o traballo das e dos profesionais sanitarios.

Entre as problemáticas que presenta o novo centro de saúde de Narón o PSOE salienta as dificultades de acceso das ambulancias, que por mor da altura do edificio non poden entrar. Isto provoca que nos días de choiva o persoal asistido móllase para acceder ao PAC.

Ademáis, denuncian que o centro de saúde, un edificio de 4.000 metros cadrados, só conta cun ascensor situado no extremo da porta de entrada. “É claramente insuficiente e pouco aproveitable, ademais

o seu funcionamento é intermitente xa que sofre avarías e incluso inundacións no foso”.

Outras das denuncias do socialistas naroneses refírense as salas de fisioterapia e a aula de educación maternal, que son visibles desde a rúa, polo que non se cumpre a privacidade nos tratamentos das e dos pacientes. Ademais, nas sala de fisioterapia non hai lavabos, baños, nin duchas onde poder realizar a hixiene requirida no servizo, sobre todo entre doente e doente.

Por outra banda, apuntan os socialistas, “as consultas non contan con teléfonos directos e non se poden recibir as chamadas directamente dos pacientes”. Tampouco hai bancos suficientes para que as persoas maiores esperen a súa quenda nas colas que se producen fóra do centro de saúde.

Por último, o servizo de radioloxía, un servizo moi demandado polo Partido Socialista, non está a funcionar e non hai contratado ningún profesional para esa tarefa.

GALIA
VENDING

**LO QUIERES
LO TIENES**

galiavending.com
981 434 605



Investimentos

Cedeira xa executa catro proxectos con cargos aos orzamentos de 2021

NO ÚLTIMO PLENO APROBOUSE A REHABILITACIÓN DO ANEL DA PRAZA ROXA POR 110.022 EUROS E A CONSTRUCCIÓN DUN SKATE BOWL E UNHA TIROLESA, POR VALOR DE 120.969 EUROS

O Concello de Cedeira adxudicou recentemente dúas importantes obras do capítulo de investimentos do orzamento de 2021. Trátase da rehabilitación do anel da Praza Roxa, que se contratou por 110.022 euros, e a construción dun skate bowl e unha tirolesa, por valor de 120.969 euros. Ambas as actuacións van comezar no mes de setembro.

A primeira das obras ten un prazo de execución de dous meses e vai servir para reparar o pavimento da Praza Roxa, que presenta fendas e deterioración en moitos puntos polo efecto das raíces das árbores. Así, os traballos van consistir en levantar o chan actual para habilitar outro máis resistente e coa adherencia necesaria para o uso intenso que ten a zona.

Tal como consta no prego técnico do proxecto, os traballos incluírán, tras o levanta-



A reforma do anel da praza Roxa é unha das actuacións máis demandadas pola veciñanza.

mento do pavimento actual, a poda das raíces e a colocación dunha malla que evite no futuro que estas levanten e deformen a superficie. Enriba desta malla irá unha capa de zahorra e sobre ela un aglomerado asfáltico. A superficie da praza, de 1.500 metros cadrados, levará un acabado de resina

epoxy, usado frecuentemente para polideportivos ao aire libre pola súa adherencia e resistencia.

No proxecto contéplase tamén a pintura de frases, símbolos ou poemas sobre a superficie para darlle unha estética máis atractiva ao conxunto.

O skate bowl ou bañeira de patinaxe ocupará o lugar no que agora hai unha fonte circular sen uso. Trátase dunha pista para skaters, cunha unha superfie irregular e pendentes e formas redondeadas.

Terá unha profundidade máxima menor a un metro e pendentes de entre 80 e 90

centímetros, de maneira que ofrezca seguridade aos principiantes e que sexa suficientemente atractiva para aqueles máis experimentados co monopatín. A instalación para patinar será de 176 metros cadrados, aínda que a superficie total, co perímetro habilitado, será de 264 metros cadrados.

A tirolesa estará preto da randeireira hexagonal que hai nun dos parques de xogos da zona. Terá 28 metros de longo, cunha altura de catro metros na saída e tres na chegada, e o percorrido terá solo de caucho.

Ademais, o pleno aprobou recentemente destinar 219.932 euros do POS+Adicional por maior achega ao proxecto de “Melloira de beirarrúas na Avenida de España, rúas Ponche Nova, José Pascual López Cor, Salinas e Camiño dá Pitilleira; e sacouse a licitación, cun orzamento de 63.000 euros, o arranxo de tres camiños de titularidade municipal.

Estes proxectos suman practicamente unha terceira parte dos máis de 1,6 millóns de euros que o Concello de Cedeira ten reservados este ano para investimentos —1,1 millóns de euros inicialmente, aos que se sumou máis de medio millón procedente de remanentes do exercicio anterior—.

Urbanismo

Ares inaugura unha ruta para divulgar os seus vínculos co mar

A Concellaría de Cultura de Ares, co apoio do Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro Norte e a Consellería do Mar, instalou 20 placas espalladas en Ares, Redes e Cervás, cadansúa cunha audioguía sobre o espazo no que se sitúa.

Pódese acceder ós contidos do itinerario escaneando os códigos QR instalados nas múltiples placas.

Ao longo do pasado mes de agosto, a Concellaría de Cultura arrancou con outro dos principais proxectos inscritos na súa proposta de Ares Ultramarino, un conxunto de actuacións destinadas a revalorizar o vínculo da vila co mar dende

unha perspectiva cultural, social, económica e histórica. Trátase da “Ruta Ultramarina”, un conxunto de placas situadas en Redes, Cervás e Ares que afondan nos espazos e edificios do municipio, na súa maior parte de orixe indiana e con interese patrimonial.

A ruta, que conta co apoio do Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro Norte e a Consellería do Mar, estará accesible permanentemente para toda aquela persoa que desexe coñecer en profundidade as características patrimoniais e culturais da localidade. Cada placa conta cun código QR, dentro do cal se atopa o texto

informativo do edificio ou espazo, amais dunha audioguía explicativa para amenizar e ampliar os contidos textuais.

Esta audioguía, segundo apunta a Concellaría de Cultura, conta coas voces dos locutores profesionais Vero Rilo, Carlos Santiago e Marcos González e pretende facer que o itinerario completo sexa plenamente accesible para as persoas con discapacidade visual.

Entre os seus contidos da ruta, poderase indagar sobre a importancia da Alianza Aresana coma escola indiana primitiva e as revolucións que estas supuxeron en Galicia; achegarse ás historias persoais



Triptico informativo cos puntos máis importantes do roteiro

que hai detrás das casas familiares ao longo do municipio, coma o fogar dos irmáns Ramos Bugallo, ou aprender sobre a dureza da vida pesqueira e o valor simbólico das cabrias

de redes. A ruta, a partir do conxunto de recursos diseminados xeograficamente polo municipio, compoñe un retrato completo do impacto do mar en Ares.

Servizos

Novos colectores en Neda para a recollida de roupa

A veciñanza de Neda conta dende a pasada fin de semana con novos colectores para depositar a roupa e calzado usados dos que desexen desfacerse.

Están situados na Curva do Regueiro e máis nas inmediacións do Centro de Saúde e son xestionados por Recuperalia-Servizos de Reciclado Ecolóxico.

Periodicamente a firma revisará e baleirá os colectores, realizando un mantemento



para evitar o seu deterioro. De aí, roupa e calzado envíanse ás plantas de clasificación da empresa, reducindo a fíos e mate-

rial de orixe aqueles residuos textís que non poden ser aproveitados de modo que se lles dé outro uso.

Cultura

Fene acolle a exposición fotográfica «Fillos do océano»

Afundación, ABANCA e o Concello de Fene traen ao municipio, ata o próximo 29 de setembro, a exposición “Fillos do océano”, unha síntese das mellores imaxes que o fotógrafo Javier Tenente tomou, durante varios anos, nunha viaxe por comunidades pesqueiras tradicionais de todo o mundo.

Trátase dun percorrido fotográfico único polas po-

boacións costeiras dos cinco continentes, composto por máis de setenta fotografías e que pode visitarse na Casa da Cultura-Museo do Humor ata o 29 de setembro.

O horario será de luns a venres, de 10:00 a 14:15 ata o 7 de setembro, e a partir do 8 de setembro, de luns a venres, de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 21:00, e sábados, de 10:00 a 13:00 horas.



Carlos de Castro, *profesor e historiador*

O mercado de Pontedeume na praza do Conde

FOI CONSTRUÍDO, TRAS VARIOS PROXECTOS REALIZADOS POR ANTONIO TENREIRO, NA DÉCADA DOS CINCUENTA DO SÉCULO XX

Tras unha azarosa rehabilitación, o mercado de Pontedeume, na parte alta da praza do Conde, brilla en todo o seu esplendor, especialmente a parte sur, que agora se pode percorrer tras haber desaparecido o engadido que a afeaba. Veu a substituír este mercado a dous mercados anteriores: o mercado da praza do Pan, na praza do mesmo nome, desaparecido en 1941, e o mercado do Peixe, na parte baixa da mesma, construído en 1857 e desaparecido no 1936. Ámbolos dous eran en realidade estruturas abertas, compostas de tellado a catro augas sopor-
tado por piares.

O Mercado actual foi construído, tras varios proxectos realizados por Antonio Tenreiro, na década dos cincuenta do século XX, sendo ampliado no súa parte sur segundo traza de Ramón Tenreiro Brochón, fillo de Antonio Tenreiro, tras acordo municipal de 1965.

A praza do Conde

A praza do Conde, ampliada tras a desaparición da antiga Casa-Palacio, lugar de asentamento do mercado Municipal, do Pílon na parte central e do Torreón nun extremo, é un dos espazos de máis personalidade da vila. Descoñecemos de onde procede o seu nome, aínda que, en todo caso, a súa denominación debería ser posterior á asunción da casa de Andrade do título condal, o que sucede con Diego de Andrade e con máis seguridade co seu fillo Fernando de Andrade, Conde de Andrade e Villalba, falecido en 1540. Si podemos dicir, por documentos tardíos, que a Corporación Municipal pensaba que era un es-

pazo que o señor cedera á vila desde tempo inmemorial.

Antonio Tenreiro Rodríguez

Os pais de Antonio Tenreiro (1893-1972) foron Ramón Tenreiro Fernández, cofundador da fábrica de curtidos "A América", e Matilde Rodríguez Pastor. Era, pois, sobriño de Agustín Tenreiro, patrocinador do desaparecido asilo, cuxa adaptación para escola de nenos en 1920 é unha das súas primeiras obras. E era irmán do político Ramón María Tenreiro, deputado, amigo persoal de Azaña. Estudou arquitectura na Escola Superior de Arquitectura de Madrid e soubo assimilar as vangardas superando a arquitectura decimonónica. Chegou a ser arquitecto municipal da Coruña, cidade onde realiza o proxecto do Banco Pastor, a Casa Barrié, o mercado municipal de S. Agostiño, as Escolas de Náutica e de Comercio ou o Conservatorio de Música. Cofundador do Colexio de Arquitectos de León, foi represaliado



Proxecto de mercado de Antonio Tenreiro.

pola súa militancia republicana. Rehabilitado como arquitecto municipal, realiza en 1952 o proxecto do Arquivo do Reino de Galicia nos Xardíns de San Carlos.

En Pontedeume, ademais de remodelar e proxectar diversas vivendas, se lle encarga en 1923 o proxecto de urbanización da praza do Conde. Realiza entón un primeiro proxecto, coa colaboración de Peregrín Estellés, que supoñía a construción de

dous edificios xemelgos, de resalbos neoclásicos, rodeados de xardíns. Con todo o proxecto definitivo será o que hoxe podemos ver. Realizado entre 1935 e 1942, non se comeza a materializar ata 1952 polos serios problemas de adxudicación e financiamento que ten o concello, e ata 1960 non se fai unha ordenación do mesmo, quedando conformado por 19 postos.

O Mercado de Pontedeume responde a unha solución moi mediterránea: unha estrutura con soportais buscando a relación coa contorna; entroncando co espírito dos mercados populares galegos e dos campos das feiras. O gran arco de entrada de remate mixtilíneo presenta, con todo, contactos coa arquitectura colonial ou neocolonial, cuxo momento culminante é a Exposición de San Diego de 1915. Aínda que se hai que buscar un precedente inmediato este sería o mercado tinerfeño da Recova realizado en 1942.



Antonio Tenreiro.

Iniciativa

Un cartel de Ares no Ártico

O Covos investigadores que representan ao Instituto Español de Oceanografía Javier Cristobo e Pilar Ríos, veciños de Ares, trasladaron un cartel de Ares ata o Ártico nunha expedición científica na que participaron. Con eles, un letreiro co escudo aresano dá a volta ao mundo e exíbeno con orgullo nas redes sociais.

O letreiro levado con orgullo nesta ocasión ao Ártico marca a distancia existente entre o concello de Ares e o da cidade de Tromsø en Noruega (3.301 Km) e complementa ao cartel que levaron en 2003 á Antártida que se mantén desde entón na base antártica Española Gabriel de Castela na Illa Decepción. Javier Cristobo e Pilar Ríos desenvolven o seu traballo como biólogos mariños no Oceanográfico de Xixón.

Esta expedición é parte do proxecto europeo SponGES do que integran os científicos do Centro Oceanográfico de Xixón. A bordo do buque oceanográfico G.Ou. Sars, durante 18 días navegaron polas frías

augas árticas xunto con outros 15 científicos de 9 nacionalidades diferentes para estudar uns ecosistemas vulnerables moi característicos, como son os campos de esponxas profundas en montañas submarinas da dorsal oceánica ártica.

Por medio dun robot submarino han conseguido colleitar mostras para o seu posterior estudo ata profundidades de 3.100 metros. Grazas aos medios dispoñibles no buque e as boas condicións da mar, puideron cartografiar con precisión montañas submarinas e realizar experimentos para coñecer a fisioloxía destes invertebrados mariños, así como indagar na gran diversidade de esponxas.

Así, os biólogos explican con humor que en Ares, ademais de deportistas, artistas e escritores, tamén hai científicos. Grazas a Javier e Pilar, Ares chegou primeiro á Antártida e agora ao Ártico. Por iso, os veciños de Ares agradecen e celebran a través das redes sociais que leve o nome do seu pobo con orgullo e honra.



Os investigadores posan co peculiar letreiro que sinala a distancia á que se te atopa a vila aresá.



Hola, somos

AUXILIAR BROKER

una nueva correduría de seguros en Vilar do Colo.

Queremos ayudarte a gestionar tus seguros con **tres compromisos muy sencillos:**

1. Vamos a darte la mayor cobertura al mejor precio.
2. Te entregaremos como mínimo tres propuestas.
3. Revisaremos tu poliza cada año en busca de mejores ofertas

Somos la mejor compañía entre tú y tu aseguradora.

☎ **Llámanos** 619 37 41 40 / gcorrea@auxiliarbroker.com

📍 Polígono Vilar do Colo Rúa Cornecha / Parcela 4 / Oficina 5